

ARQUIPÉLAGO DE CORTEGADA

CARACTERIZACIÓN DO ARQUIPÉLAGO

DATOS XERAIS

Termos municipais: Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)

Infraestruturas de acceso: Son vías marítimas de acceso ao arquipélago de Cortegada aquelas que permiten acceder o mesmo dende os distintos portos.

Porto	Localización	Competencia	Usos	Calado	Servizos
Vilagarcía de Arousa	8° 46' 14,97" W 42° 35' 55,87" N	Autoridade portuaria de Vilagarcía	Pesqueiro, comercial e deportivo	4m	Almacen e superficies, guindastre.

Caracterización ambiental : Na costa de Cortegada atopase a seguinte tipoloxía de costa:

(Consultar mapa 1)

- 3A Praias de area de gran fino a medio
- 8A escarpas de roca, lodo ou arxila en zonas protexidas


Elementos Vulnerables destacados (Consultar mapa 2):

Elemento vulnerable	Vulnerabilidade máxima
Bancos marisqueiros	Moi Alta

Cartografía base para las medidas de actuación



Mapa 1 Caracterización ambiental da costa de Cíes



Mapa 2 Elementos vulnerables destacados

ARQUIPÉLAGO DE CORTEGADA

Medidas de actuación

PROTECCIÓN

No ámbito de este plan non se contempla o despregamento de barreiras en mar aberto, con todo, no caso de mobilizarse medios rexionais ou nacionais, asesorarase aos responsables da loita contra a contaminación no mar sobre a idoneidade do desvío do contaminante fóra dos límites das zonas con altas vulnerabilidades.

Nas praias de area (gran fino ou medio) empregaranse materiais absorbentes e rolos oleofílicos, en auga ou en terra, co obxectivo de limitar a extensión da contaminación, a dispersión do contaminante no substrato e facilitar a súa posterior recuperación. Debe evitarse o seu uso en zonas de abundancia de aves mariñas que puideran quedar atrapadas en eles. Así mesmo evitárase deixar o absorbente un tempo excesivo por mor de evitar o risco de intoxicación na fauna pola súa inxestión.

Para protexer as zonas de costa formada por superficies sólidas como rocas ou muros recoméndase o emprego de filmóxenos (produtos compostos de alxinatos, extractos de algas). Estes formarán unha película que reduce a adherencia dos hidrocarburos facilitando as tarefas de limpeza manual posterior e evitando o uso de técnicas que poidan ter un maior impacto ambiental como pode ser o lavado a presión.

LIMPEZA

A elección das diferentes técnicas de limpeza a empregar en cada tramo do arquipélago farase seguindo as recomendacións do Atlas para a limpeza da costa de Galicia no caso de vertedura accidental.

En termos xerais, inda que estás poderán variar en base a situación en concreto, as técnicas máis adecuadas no arquipélago son:

- **Recollida mecánica directa**, para aqueles tramos do arquipélago con substratos rochosos, é preferible evitar o uso de maquinaria pesada, que estará condicionada polo grao de estabilidade do terreo.
- **Recollida manual**, recomendada para retirar o contaminante en praias nas que o uso de maquinaria está limitado, ben por dificultades de acceso ou porque se poderían alterar gravemente os hábitats presentes.

Debido ás limitacións de acceso de vehículos de transporte por terra a moitos puntos do arquipélago, recoméndase que a retirada do residuo unha vez recollido fágase a través de embarcacións que poidan acceder á zona.

Para obter información relativa os accesos a os diferentes lugares de actuación é aconsellable consultar o inventario costeiro dispoñible no visor do Plan CAMGAL (<http://ww3.intecmar.org/plancamgal>)

Así mesmo, recoméndase que a obra de descontaminación, entendéndose esta como o centro neurálxico de operacións, quede emprazada no peirao da illa de Cortegada.

FLORA